

MSF NEGA PARTE DO SALARIO A UNHA COMPAÑEIRA DOENTE

Unha compañeira da Sección sindical de CC.OO. sofre unha enfermidade que lle impide acudir regularmente ao seu posto de traballo como captadora de socios. Isto faille requirir baixas médicas ao seu médico de cabeceira, pero este só lle proporciona xustificantes médicos, malia que ela pediulle ditas baixas.

Nun inicio, MSF pagaba os salarios da compañeira aceptando como baixas os xustificantes médicos (que por lei non ten que facelo), tendo que pagar a seguridade social a propia empresa en detrimento do Estado, que é quen paga a seguridade social cando o traballador está de baixa.

A día de hoxe, a presenza desta compañeira resulta incómoda para a empresa (e máis aínda cando pasou a formar parte da Sección Sindical de CC.OO.), polo que a empresa decidiu deixar de pagar o salario da nosa compañeira.

O problema é que ademais de ver reducidos os seus ingresos de xeito drástico, esta compañeira tería que poñer unha queixa contra o seu médico de cabeceira para que lle pasase a tratar outro profesional.

Pero no caso de que iso sucedese, non só se arrisca a empeorar a súa relación co seu médico, senón que no caso de que un novo médico lle proporcionase as baixas médicas, o feito de que estas fosen reiteradas, poderían chegar a ser causa de despedimento obxectivo.

É por isto que denunciámos a posición na que deixa Médicos Sen Fronteiras a unha traballadora doente, a que pon entre o eixo e a roda, tendo que elixir entre recuperar forzas cun soldo inferior ao que lle corresponde, ou abrir as portas ao despedimento que creemos que quere a empresa.



servizos á cidadanía
acción e intervención social
e atención ás persoas

Boletín informativo da Sección Sindical en Médicos Sen Fronteiras Galicia; xuño 2016.

DELEGADA DE PERSOAL PARTICIPA DUN DESPEDIMENTO EN VIGO

Queremos pedir a dimisión inmediata da delegada de persoal en Vigo por formar parte do despedimento dun compañeiro en representación da Empresa, acción que si ben é certo que é legal carece de moralidade, xa que a representación legal e unitaria dos e das traballadoras está para defender os intereses das mesmas e non para ser un apéndice da Empresa, sendo actriz importante no despedimento de compañeiros. Xa despois das eleccións sindicais celebradas o día 18 de marzo de 2016, manifestamos que nos parecía incompatible compaxinar os cargos de dinamizadora e representante dos traballadores, perante a empresa.

CONFLITO COLECTIVO POLA CLÁUSULA DE PRODUCTIVIDADE

O pasado martes 7 de xuño adiouise por segunda vez o xuízo polo conflito colectivo interposto pola nosa sección sindical e os compañeiros e compañeiras da CNT pola cláusula 7 dos nosos contratos. Nesta ocasión foi a propia xuíza a que suspendeu a vista xa que pensa que non é competente para xulgar o conflito e que debe de ser o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Malia a todo, a xuíza manifestou que aínda que pensaba que a cláusula 7 do contrato é abusiva, ela non tiña competencias para decidilo, e pospuxo o proceso ,retomándoo case con total seguridade no outono.

Aínda que nos gustaría unha pronta solución do conflito, valoramos como positivo que a xuíza manifestase que cre que a cláusula é abusiva, o que forza tamén á empresa a non efectuar despedimentos en base a esta cláusula ate que se resolva o conflito, se non quere que se declaren nulos.



ÉXITO DE CONVOCATORIA NA PRIMEIRA MOVILIZACIÓN DA SECCIÓN SINDICAL DE CC.OO.

O 6 de xuño na Rúa do Príncipe, decidimos informar ás viguesas e vigueses dos problemas que sufrimos os traballadores e traballadoras de Médicos Sen Fronteiras no noso día a día. Case 45 persoas mobilizáronse con nos e déronnos ánimo para seguir traballando. MSF é consciente do nivel de crispación que existe no traballo coa política do seu departamento de Recursos Humanos, pero como unha empresa calquera, non recoñece ningún erro e obríganos a ir a xuízo, onde xa teñen dúas sentenzas en contra. Seguiremos loitando por un emprego digno para nós e os nosos compañeiros e compañeiras do resto de organizacións.

SI TRABALLAS PARA UNHA ONG E QUERES COÑECER MÁIS SOBRE O TEU CONTRATO, O TEU CONVENIO, OU NECESITAS APOIO NO TEU CENTRO DE TRABAJO, CONTACTA COA SECCIÓN SINDICAL DE CC.OO. EN MSF GALICIA:

MSF.GALICIA.CCOO@GMAIL.COM